

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 22 de febreiro de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201802221901140000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2018. Expediente número 2/2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:00:37

Vista a proposta de Alcaldía do día 9 de febreiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 50.389,59 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non estar conformadas no exercicio correspondente ou por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 2/2018 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2018 por importe de 50.389,59 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2017/3970	12/08/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	411,52
F/2017/4883	11/10/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	13,54
F/2017/5217	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	333,44
F/2017/5218	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.063,75
F/2017/5219	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	369,59
F/2017/5229	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	887,79
F/2017/5234	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	115,53
F/2017/5236	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	125,49
F/2017/5237	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	647,28
F/2017/5238	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	318,30
F/2017/5240	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	545,60
F/2017/5241	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	713,92
F/2017/5242	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	309,95
F/2017/5243	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	353,32
F/2017/5244	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	277,62
F/2017/5247	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	474,66
F/2017/5248	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	139,23
F/2017/5249	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	799,71
F/2017/5250	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	785,52
F/2017/5251	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	586,15
F/2017/5252	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	165,76
F/2017/5253	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	555,64
F/2017/5254	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	74,15
F/2017/5255	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	787,53
F/2017/5256	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	278,69
F/2017/5257	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	271,67
F/2017/5258	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	315,47
F/2017/5259	07/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	469,76
F/2017/5262	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	357,78
F/2017/5263	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	37,97
F/2017/5264	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	121,75
F/2017/5265	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	383,28
F/2017/5266	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	614,01
F/2017/5267	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	622,53



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

F/2017/5268	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	940,64
F/2017/5269	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	550,08
F/2017/5273	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	317,15
F/2017/5274	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	991,41
F/2017/5275	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	917,66
F/2017/5276	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	372,01
F/2017/5280	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	629,32
F/2017/5281	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	497,42
F/2017/5282	08/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	794,97
F/2017/5303	08/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	80,97
F/2017/5332	10/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	65,52
F/2017/5466	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.371,35
F/2017/5467	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	541,33
F/2017/5472	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	463,31
F/2017/5476	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	958,53
F/2017/5479	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	517,41
F/2017/5482	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.103,93
F/2017/5483	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	633,00
F/2017/5486	18/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	926,56
F/2017/5487	18/11/2017	A10005510	VIAJES HALCON, S.A.U.	1.001,00
F/2017/5555	23/11/2017	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	199,07
F/2017/5586	28/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	397,35
F/2017/5587	28/11/2017	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	388,36
F/2017/6184	28/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	4,50
F/2017/6207	29/12/2017	B70408869	ARTABRA COMUNICACION, S.L.	12,92
F/2017/6208	30/12/2017	A15376569	FERRETERIA VILA DE CAMBRE, S.A.	165,18
F/2018/5	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	108,66
F/2018/17	01/01/2018	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	336,86
F/2018/23	02/01/2018	B15359383	AUGASERVI, S.L.	64,90
F/2018/41	02/01/2018	B70470927	INNOVA CONSULTORIA, FORMACION Y PROYECTOS, S.L.U.	85,80
F/2018/49	03/01/2018	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	30,37
F/2018/50	03/01/2018	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	121,00
F/2018/52	03/01/2018	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	69,60
F/2018/54	03/01/2018	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	23,96
F/2018/62	03/01/2018	B15141054	ORTO PARQUES Y JARDINES, S.L.	380,24
F/2018/71	03/01/2018	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS,S.L.	1.980,00
F/2018/72	03/01/2018	B70084272	DINAMO XESTION DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS,S.L.	217,80
F/2018/96	04/01/2018	B15794209	J.M. REGUEIRO INFORMATICA Y COMUNICACIONES DEL NOROESTE,S.L.U.	1.642,57
F/2018/115	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	1.169,38
F/2018/130	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	107,64
F/2018/157	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	81,12
F/2018/159	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	73,65
F/2018/167	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	73,46
F/2018/170	05/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	107,62
F/2018/172	06/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	322,92
F/2018/176	06/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	194,70
F/2018/182	07/01/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	17,27
F/2018/185	07/01/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	11,12
F/2018/202	08/01/2018	B15535552	MERCARTABRIA, S.L.U.	225,84
F/2018/236	09/01/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	223,11
F/2018/241	02/01/2018	32766900L	RODRIGUEZ PAZ JUAN	429,55
F/2018/243	02/01/2018	32766900L	RODRIGUEZ PAZ JUAN	181,50
F/2018/275	03/01/2018	33267966F	BARREIRO GARCIA JOSE CARLOS	79,86
F/2018/276	05/01/2018	32402023Z	BECERRA RODRIGUEZ JOSE RAMON	1.633,50
F/2018/277	05/01/2018	15946908L	GARCIA CORES JOSE ANTONIO (MULTISERVICIOS GABA)	19,36
F/2018/280	09/01/2018	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	98,02
F/2018/295	10/01/2018	B70340989	TECNOMAK SISTEMAS Y FLUIDOS, S.L.	930,51

CVD: ZoeCEK475zBqi4ba0BtR
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

F/2018/330	12/01/2018	B70477377	CHAS GESTAL, S.L.	66,01
F/2018/334	12/01/2018	B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.	169,40
F/2018/360	15/01/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	740,00
F/2018/361	15/01/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	504,00
F/2018/362	15/01/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	320,00
F/2018/363	15/01/2018	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	100,00
F/2018/366	16/01/2018	B70184445	LUGAMI ARTES GRÁFICAS, SL	936,69
F/2018/373	16/01/2018	A28011153	ZARDOYA OTIS, S.A.	2.341,35
F/2018/393	16/01/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	128,80
F/2018/394	16/01/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	150,00
F/2018/395	16/01/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	59,60
F/2018/396	16/01/2018	32797478F	GESTAL FRAGA MARIA DE LOS ANGELES	50,10
F/2018/454	18/01/2018	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO J. (INFOTELIA)	834,9
F/2018/455	18/01/2018	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO J. (INFOTELIA)	834,90
F/2018/456	18/01/2018	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO J. (INFOTELIA)	834,90
F/2018/457	18/01/2018	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO J. (INFOTELIA)	834,90
F/2018/458	18/01/2018	52938735A	ARES PEREZ FERNANDO J. (INFOTELIA)	834,90
F/2018/484	19/01/2018	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	6,90
F/2018/485	19/01/2018	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	22,00
F/2018/487	19/01/2018	32789265M	GONZALEZ MENDEZ MANUEL	1,73
F/2018/488	19/01/2018	J15832215	J.M. SERVICIOS S.C.	44,77
F/2018/637	31/01/2018	32818185Z	FONTENLA BRANDARIZ LUIS JAVIER	363,00
			TOTAL	50.389,59 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 15 de febreiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Modificación, se procede, da ordenanza fiscal núm. 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

Acceso á videoacta: Minuto 00:03:07

Vista a proposta de Alcaldía do día 9 de febreiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta que a normativa europea sobre medio ambiente aconsella reducir as emisións dunha serie de gases de efecto invernadoiro.

Considerando que as emisións de dióxido de carbono procedentes do transporte foron aumentando rapidamente nos últimos anos e que son a orixe dunha parte importante das emisións globais do dito gas e tendo en conta que os turismos representan aproximadamente a metade das emisións de dióxido de carbono relacionadas co transporte na Unión Europea.

O obxecto da presente modificación é fomentar o uso de vehículos non contaminantes nas nosas vías co fin de preservar o medio ambiente e lograr, co paso do tempo, mellorar a calidade do aire que respiramos, evitando na medida do posible efectos nocivos para a saúde dos cidadáns, principalmente a súa incidencia en enfermidades respiratorias.

A corporación municipal propón unha modificación nas bonificacións aplicables do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, engadindo unha nova bonificación do 50 por cento en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, xa se trate de vehículos híbridos ou que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ou emisión nulas.

O Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopte os seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 2º da ordenanza fiscal nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, quedando redactado do seguinte xeito:

“Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica

(...)

Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2822/1988, do 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de discapacitados para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan as ditas circunstancias, tanto aos vehículos conducidos por persoas con discapacidade como aos destinados ao seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, considerarase persoa con discapacidade quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ao 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

- Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente) no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.
- Permiso de conducción (anverso e reverso) a nome do discapacitado.
- Permiso de circulación a nome do discapacitado.
- Póliza do seguro do vehículo na que figure o discapacitado como único condutor do mesmo.
- Fotocopia do DNI.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

- Vehículos destinados ao transporte de discapitados:

- Certificado do grao de discapacidade expedido polo órgano competente (en Galicia a Consellería de Asuntos Sociais ou equivalente), no que conste ademais do grao de discapacidade, se o discapitado ten necesidade de asistencia de terceiras persoas.
- Permiso de circulación a nome do discapitado.
- Póliza do seguro do vehículo na que conste o condutor habitual.
- Fotocopia do D.N.I. do discapitado e do condutor habitual do vehículo.
- Ficha técnica do vehículo.
- Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables aos suxeitos pasivos beneficiarios delas por máis dun vehículo simultaneamente.

2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de trinta anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar, desfrutarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto.

3. Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen neste apartado, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran algunha das condicións e requisitos seguintes:

- Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.
- Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ou emisións nulas. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50 por cento na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.

As bonificacións recollidas nos apartados 1 a 4 anteriores terán carácter rogado, polo que os suxeitos pasivos deberán solicitar do concello, ou entidade na que delegue, a bonificación correspondente, antes do 31 de decembro do ano anterior, indicando as características do vehículo e a causa do beneficio, coa presentación da documentación acreditativa dos requisitos. Así mesmo deberán xustificar non ter débedas de ningún tipo co concello.

No suposto de que se desexe que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se realiza a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas devindicadas con anterioridade.

(....)”

Segundo: A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no *Boletín Oficial da Provincia*. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Cuarto: Publicar no *Boletín Oficial da Provincia* os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto completo da ordenanza modificada.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 15 de febreiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Corrección de erros materiais no acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión extraordinaria de data 14 de decembro de 2017, relativo á aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2018”

Acceso á videoacta: Minuto 00:13:09

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 7 de febreiro de 2018, modificada por ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico do día 15 de febreiro de 2018, quedando redactada a súa parte dispositiva do seguinte teor literal:

Primeiro: Corrixir os erros materiais detectados no acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na súa sesión extraordinaria do día catorce de decembro de dous mil dezasete, polo que se acorda participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2018”, segundo notificación da Excm. Deputación Provincial da Coruña recibida o día cinco de febreiro de dous mil dezaioito.

Segundo: O acordo adoptado polo Pleno Municipal con data catorce de decembro de dous mil dezasete, queda redactado do teor literal seguinte:

1.- Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2018”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2018”, “achega provincial 2017” e “préstamo provincial 2018”:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A) Financiamento do pago a provedores:

	Capítulo II	Capítulo VI	Total
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Subtotal pago a provedores	0,00 €	0,00 €	0,00 €

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de gastos correntes 2018	440.752,88 €
Subtotal gasto corrente	440.752,88 €

C) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
----	0,00€	0,00€	0,00€
Subtotal investimentos achega provincial 2018	0,00€	0,00€	0,00€

ACHEGA PROVINCIAL 2017 (Investimentos "financeiramente sostibles")		Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Grupo de programa	Deputación	Concello	Orzamento total
Proxecto básico e de execución de reordenación do ámbito urbano estrada AC-214 e rúas Balado, Carballo, González Garcés e Pablo Manzano. Cambre. Fase I	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas.	98.702,01 €	0,00 €	98.702,01 €
Proxecto básico e de execución do espazo exterior e interior da Praza 1º de Maio. A Barcala. Cambre	Programa 1532. Ordenación do tráfico e do estacionamento.	240.844,66 €	106,76	240.951,42 €
Proxecto básico e de execución para a remodelación, mantemento e conservación do Paseo dos Templarios. O Temple	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas.	55.444,21 €	0,00 €	55.444,21 €
Mellora do parque infantil e pista polideportiva de A Balastreira (Cecebre) e do parque infantil de O Souto (Sigrás)	Programa 171. Parques e xardíns	37.445,91 €	0,00 €	37.445,91 €
Subtotal investimentos achega provincial 2017		432.436,79 €	106,76 €	432.543,55 €

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2018	Financiamento do investimento		
	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total
Descrición técnica para o acondicionamento do lateral da pista polideportiva de Sta. Mª de Vigo e cuberta do acceso ao polideportivo do Temple. Cambre	35.999,48 €	0,00 €	35.999,48 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2018	35.999,48 €	0,00 €	35.999,48 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2018 e que se relacionan nestas táboas.

D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos ou pregos:

Denominación do proxecto ou prego cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2018)	Deputación
---	0,00 €
Subtotal redacción proxectos	0,00 €

E) Financiamento de achegas municipais a outros Plans, Programas ou Convenios:

Denominación do investimento doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2018	Deputación
---	0,00 €
Subtotal achega municipal 2018	0,00 €

Denominación do investimento "financeiramente sostible" doutro Plan, Programa ou Convenio para cuxa achega municipal se solicita aplicar achega provincial 2017		Deputación
Denominación	Grupo de programa	
---	--	0,00 €
Subtotal achega municipal 2017		0,00 €

F) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2018" aplicado á redución da débeda
BANCO DE SABADELL, S.A.	8075512816/54	354.856,85 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		354.856,85 €

G) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2018	440.752,88 €		440.752,88 €
C- INVESTIMENTOS	Achega 2018	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	Achega 2017	432.436,79€	106,76 €	432.543,55 €
	Préstamo 2018	35.999,48 €	0,00 €	35.999,48 €
D- HONORARIOS REDACCIÓN	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
E- ACHEGAS MUNICIPAIS	Achega 2018	0,00 €		0,00 €
	Achega 2017	0,00 €		0,00 €
F- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2018	354.856,85 €		354.856,85 €
TOTAL	Achega 2018	440.752,88 €	0,00 €	440.752,88 €
	Achega 2017	432.436,79€	106,76 €	432.543,55 €
	Préstamo 2018	390.856,33 €	0,00 €	390.856,33 €
	TOTAL	1.264.046,00 €	106,76 €	1.264.152,76 €"

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2018 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos “financeiramente sostibles” (mínimo do 20% do total das achegas e préstamo provincial asignado)	Grupo de programa	Orzamento
Pavimentación en Paseo Marítimo e Ánxel Fole e Renovación de beirarrúas en Párroco M. Cobas, O Temple, Cambre	Programa 1532. Pavimentación de vías públicas.	59.826,84 €
Pavimentación do viario municipal 00307, Sobrecarreira, Sigrás, Cambre.	Programa 153. Vías Públicas. 1532. Pavimentación de vías públicas.	33.639,32 €
Ampliación do saneamento no Vilar (Sigrás)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	44.541,72 €
Ampliación de saneamento en Nebrixe (Bribes)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	65.716,38 €
Ampliación do saneamento en Sigrás de Abaixo (Sigrás) e Fraiz (Cecebre)	Programa 160. Rede de Sumidoiros.	32.778,85 €
Renovación da rede de abastecemento en Peirao, nos camiños municipais 00210 e 00259, Bribes.Cambre	Programa 161. Abastecemento domiciliario de auga potable	90.308,41 €
TOTAIS		326.811,52 €

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente son necesarias, isto de conformidade co establecido nas Bases nºs 2.1 e 5.3 das reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2018), publicadas no BOP nº 188 do 3 de outubro de 2017.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2018 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2018, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á concellería-delegada da área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Terceiro: Notifíquese aos interesados.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de



ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta ditaminada tal e como foi transcrita.

1.4. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre – Programa Cambre Emprende 2017, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude

Acceso á videoacta: Minuto 00:15:15

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico do día 8 de febreiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Visto que o programa de axudas municipais á creación de empresas Cambre Emprende xa se plasmou en cinco convocatorias, que se toman como base para a proposta da convocatoria do 2017, e visto que a finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Tendo en conta que, no período establecido nesta convocatoria para as novas altas no RETA ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais, **non hai ningunha administración pública** que subvencione o custo das cotas da seguridade social no Réxime especial de traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, de forma que existise un suposto de execución simultánea ou concorrencia por parte doutra administración pública.

Unha vez analizados os resultados das cinco convocatorias anteriores e dentro da continuidade de fomento de emprego que supón o Programa de subvencións á creación de empresas Cambre Emprende 2017, vemos que o programa 2017 conta coas seguintes características:

Primeira: Esta convocatoria cubre as novas empresas creadas dende o **1 de xullo de 2015 ata o 31 de decembro de 2016**, coa intención de adaptar os prazos da nosa subvención ás convocadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para a promoción do emprego autónomo. Mantense o obxectivo das axudas en relación co 2012, 2013, 2014, 2015, e 2016 é dicir, a cobertura das cotas correspondentes á alta no Réxime Especial de Traballadores/as por conta propia ou Autónomos/as (RETA) ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais.

Segunda: Mantense como **cantidade máxima subvencionable** o custo mensual da cota efectivamente pagada no RETA ou na mutualidade de colexio profesional, tomando como referencia a base mínima de cotización.

Terceira: A **axuda esténdese aos 12 primeiros meses da actividade**, xa que este período é especialmente crítico no inicio da actividade.

Tendo en conta o informe emitido a data de 8 de febreiro de 2018 pola axente de emprego e desenvolvemento local, coa conformidade da responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, **propoño ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública da subvención municipal á creación de empresas do Concello de Cambre, Programa Cambre Emprende 2017, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude.

**“Bases reguladoras da convocatoria do Programa Axudas Municipais á Creación de Empresas.
Programa Cambre Emprende 2017**

Base 1ª: Disposición xeral

- 1.1. A convocatoria de subvencións municipais á creación de empresas do Concello de Cambre, programa “Cambre Emprende”, ten por obxecto incentivar a creación de empresas e fomentar a actividade económica de acordo ao disposto na Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no que resulte de aplicación na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e no título V “Subvencións” das bases de execución do orzamento para o exercicio 2018 do Concello de Cambre.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
 - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
 - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
 - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2018 433 47000 “Fomento emprego Cambre Emprende”.

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Base 2ª: Obxecto e persoas beneficiarias

2.1.) Obxecto

A finalidade deste programa é contribuír á posta en marcha de novos proxectos empresariais emprendidos no Concello de Cambre, con independencia da súa forma xurídica, que faciliten a creación do seu propio posto de traballo para as persoas desempregadas que os leven a cabo.

Ao abeiro do programa Cambre Emprende 2017, as axudas dirixiranse ás altas no Réxime especial dos/as traballadores/as por conta propia ou autónomos/as (RETA) ou nalgunha das mutualidades dos colexios profesionais que, cumprindo os requisitos e condicións establecidas nel, se formalicen desde o 1 xullo de 2015 ao 31 de decembro de 2016, ambos os dous incluídos.

Estas axudas serán tramitadas en réxime de concorrencia non competitiva. As solicitudes tramitaranse ata esgotar o crédito aprobado para a convocatoria.

2.2.) Persoas beneficiarias

2.2.1. Poderán ser beneficiarias da axuda deste programa as persoas físicas que reúnan os seguintes requisitos:

- *Que estean desempregadas no momento de iniciar a actividade empresarial:*
 - o Entenderase por **persoa desempregada** a que careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesourería Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, segundo o certificado de non inscrición da mutualidade do colexio profesional, o día anterior á data da súa solicitude de alta no RETA da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.
 - o Entenderase como **data de inicio da actividade empresarial** a da solicitude de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional do que se trate.
- Que se dean de alta no RETA ou nalgunha mutualidade dos colexios profesionais, ben como titulares ou cotitulares do negocio ou explotación, ou ben como socios/as promotores/as no caso de sociedades mercantís.

- Que desenvolvan a súa actividade empresarial no Concello de Cambre nos seguintes termos:
 - o En caso de desenvolver a súa actividade a través dun establecemento permanente, que este se atope radicado no termo municipal de Cambre.
 - o En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o domicilio fiscal da empresa estea no termo municipal de Cambre.
- Que desenvolvan esta actividade como mínimo durante dezoito meses, que se contará a partir do día de efectos de alta no RETA ou na mutualidade do colexio profesional de que se trate.
- Que non desenvolvesen como traballadores/as autónomos/as:
 - o A mesma ou similar actividade en Cambre durante os seis meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da CNAE.
 - o Calquera outra actividade en Cambre nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade.
- Que non teñan recibido a subvención ao abeiro das convocatorias anteriores do Programa Cambre Emprende.
- **Que permanezan de alta como autónomos no momento de realizar a solicitude de subvención.**

2.2.2. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, e no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, terse declaradas en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme á lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa administración pública.
- d) Estar incurso a persoa física, os/as administradores/as das sociedades mercantís ou quen ostente a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
- e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao día do pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
- h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

1.2.3. Non poderán obter a condición de beneficiarios/as do programa regulado nesta orde as persoas en que concorran as circunstancias sinaladas no artigo 46 bis do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2000, de 4 de agosto.

1.2.4. Non poderán obter a condición de beneficiarios os autónomos colaboradores.

Base 3ª: Tipo de subvención e contía

As axudas subvencionarán ata o 100% das cotas efectivamente pagadas nos **12 primeiros meses naturais** do exercicio da actividade correspondentes ao RETA ou á mutualidade do colexio profesional de que se trate, tomando

como referencia a base mínima de cotización para cada anualidade do RETA, 2015, 2016 ou 2017 segundo corresponda, ata o esgotamento dos fondos.

Para as cotas das mutualidades dos colexios profesionais tomarase como base para subvencionar o mesmo importe que a sinalada para o RETA, no caso de que aquela excedese a contía desta. En caso contrario, só será subvencionable ata o 100 % da contía realmente aboada como cota na mutualidade correspondente, ata o esgotamento dos fondos.

Base 4ª: Concorrenza con outras subvencións

Esta subvención é incompatible con calquera outra subvención polo mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial outorgada por outras institucións, e, nomeadamente, cos pagamentos das cotas do RETA ou da mutualidade de colexio profesional do que se trate a través da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único.

Base 5ª: Solicitudes, documentación e prazo

As solicitudes de axudas e subvencións dirixiranse ao/á Alcalde/sa do Concello de Cambre e presentaranse en calquera dos rexistros do Concello de Cambre ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como anexo I a estas bases reguladoras e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante.
- b) CIF e contrato de constitución, no caso de sociedades non mercantís.
- c) CIF e escrituras de constitución debidamente rexistradas, no caso de sociedades mercantís, xunto co poder da persoa que asina a solicitude no nome da sociedade.
- d) Declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036 e/ou 037) e, se é o caso, alta no Imposto de Actividades Económicas.
- e) Documento de solicitude e resolución e recoñecemento da alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, en colexio profesional e mutualidade que corresponde.
- f) Informe actualizado de vida laboral.
- g) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46.2 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social e autorización ao Concello de Cambre á obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e co Concello de Cambre, segundo o modelo normalizado do anexo I.I.
- h) Se a actividade se desenvolve a través de sociedade, sexa cal sexa a súa forma xurídica, deberá presentarse a autorización da comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias pola persoa xurídica, asinada polo representante desta.
- i) Declaración compresiva do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade, polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo normalizado do anexo I.II.
- k) Memoria económica do proxecto empresarial, asinada pola persoa solicitante, que inclúa o orzamento do investimento e o plan de financiamento que acredite a viabilidade do proxecto, segundo o modelo normalizado do anexo I.III ou calquera que, respectando o contido mínimo, queira presentar a persoa solicitante.
- l) Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate.
- m) Modelo de designación de conta bancaria, titularidade do interesado.

Se o interesado tivese presentado solicitude de concesión de axuda na convocatoria Programa Cambre Emprende 2016 para altas entre o 1 de xullo de 2015 e o 30 de setembro de 2016, que non lle fora concedida por esgotamento dos fondos, deberá facelo constar e non será necesario que presente a documentación referida nas letras a), b), c), d), e), k) e l) **se xa constasen no referido expediente.**

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses, e iniciárase ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da Provincia, a través da BDNS.

Base 6ª: Autorizacións

6.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal poderán exercerse ante o Concello de Cambre como responsable dos ficheiros, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Base 7ª: Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

7.1. O procedemento de tramitación das subvencións recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

7.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Base 8ª: Concesión da axuda. Resolución e recursos

8.1. O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas subvencións será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polos beneficiarios dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 6 meses que se computará dende a data de finalización do prazo xeral de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

8.3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de conformidade co disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa. Poderase formular, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Base 9ª: Pagamento

Logo da resolución de concesión, o alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordeará o pagamento da axuda.

O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da persoa beneficiaria sinalada.

Base 10ª: Obrigas das persoas beneficiarias

- a) Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de dezaioito meses salvo por causas alleas á súa vontade, o cal deberá acreditar fidedignamente. No caso de darse de baixa con anterioridade, deberá comunicar esta circunstancia ante o Concello de Cambre no mes posterior a dita baixa.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre.
- c) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvenciona con este programa.
- d) Conservar os documentos xustificativos relativos á subvención, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- e) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

Base 11ª: Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

Base 12ª: Revogación e reintegro

12.1. Procederá a revogación da axuda, así como reintegro total das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.2. Procederá o reintegro total da axuda percibida ao abeiro da segunda destas bases de non cumprir o beneficiario a súa obriga de manter a actividade durante dezaioito meses.

A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Base 13ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da subvención e, nomeadamente, para cumprir co requisito establecido na base décima, apartado a) deste programa.

Base 14ª: Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

**SOLICITUDE (ANEXO I)
CAMBRE EMPRENDE**

SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I. / N.I.E.
Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono		Correo electrónico

Empresa individual Sociedade civil / comunidade de bens Outras Sociedades

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N.I. / N.I.E.
-----------------	-----------------

DOMICILIO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (se é distinto do anterior)

Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO DE EMPRESA

Actividade económica (descripción)		CNAE
Enderezo da actividade		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono		Correo electrónico
Data alta seg.social	Nº inscrición seg.social	Data alta IAE

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada		IBAN DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
TITULAR DA CONTA	<input type="text"/>	<input type="text"/>

SOLICITOU A SUBVENCIÓN CAMBRE EMPRENDE NO 2017

SI NO

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

PERSOA FÍSICA

Fotocopia do D.N.I. / N.I.E.

PERSOA XURÍDICA

- Fotocopia do C.I.F.
- Fotocopia escritura constitución
- Documentación acreditativa de ostentar a representación da entidade
- Fotocopia do D.N.I./N.I.E. da persoa que exerza a actividade

COMÚN

- Declaración censual de alta da Axencia Tributaria (modelos 036-037) e/ou IAE.
- Fotocopia do documento de solicitude e recoñecemento da alta na Seg.Social ou análogo
- Informe actualizado de vida laboral.
- Declaración responsable (anexo I.I)
- Declaración comprensiva das axudas solicitadas e/ou obtidas (anexo I.II)
- Memoria económica do proxecto empresarial (anexo I.III).
- Certificado da Tesourería Xeral da Seguridade Social das doce cotas de autónomos subvencionables abonadas ou da Mutualidade correspondente ao colexio profesional do que se trate

Sr. alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe **solicita** a concesión da axuda económica para a creación das empresas do Programa Cambre Emprende e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, de _____ de 201

Asdo



Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO I.I) CAMBRE EMPRENDE

Don/dona _____, con D.N.I. _____

nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F.: _____

Declaro responsablemente que:

- Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base cuarta do programa, non concorre ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnense as condicións para ser beneficiario/a de acordo co establecido na base segunda do programa.
- Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións establecidas na base sexta do programa, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e o Concello de Cambre.

A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade do programa Cambre Emprende, nomeadamente a solicitar á Tesourería Xeral da Seguridade Social a información sobre a situación de alta na Seguridade Social durante o primeiro ano de actividade, conforme ao establecido nas bases sexta e décimo terceira do programa.

Cambre, a __ de _____ de _____	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
Asdo.: _____	

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO I.II) CAMBRE EMPRENDE

Don/dona _____, con D.N.I. _____

En nome e representación de

Razón Social _____, C.I.F.: _____

Declaro responsablemente:

- Que para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa, solicitáronse ou obtivéronse as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición reguladora	Solicitada / Concedida	Ano	Importe

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade empresarial que as subvencións deste programa de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

<p>Cambre, a ___ de _____ de _____</p> <p>Asdo.: _____</p>	<p>ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.</p> <p>Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
--	--

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

MEMORIA ECONÓMICA (ANEXO I.III) CAMBRE EMPRENDE

DATOS PERSOAIS

Razón social		C.I.F.
Apelidos e nome		D.N.I.
Enderezo		
C.P.	Localidade	Provincia
Teléfono		Correo electrónico

DATOS PROFESIONAIS

Profesión
Estudios realizados
Formación relacionada coa actividade empresarial que se vaia desenvolver

EXPERIENCIA PROFESIONAL

Actividades profesionais realizadas	Por conta allea	Por conta propia	Duración (meses/anos)

IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO

Nome da empresa		NIF/CIF/NIE	
Enderezo		Localidade	C.P.
Provincia	Teléfono	Fax	Enderezo electrónico

Local do negocio

En propiedade	En alugueiro	En traspaso	Sen local determinado
É a súa vivenda habitual? SI NON		Dimensións do local	É local autorizado? SI NON

Forma de constitución

Autónomo/a	Sociedade mercantil	Comunidade de bens	Sociedade civil
Nome da sociedade ou comunidade		Número de socios/as	Porcentaxe de participación do solicitante
Data de solicitude de alta na seguridade social ou mutualidade			

Descrición da nova actividade que se vaia desenvolver:

Describa brevemente a actividade da empresa

Mercado da nova empresa

Describa brevemente o seu plan de márketing, venda e comercialización dos seus produtos e/ou servizos

Recursos humanos

Postos de traballo ó inicio da actividade: Previsión de incremento de persoal no primeiro ano; perfil:



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Outros datos de interese

Describe brevemente o plan de riscos laborais, igualdade na empresa, responsabilidade social, etc.

PLAN DE INVESTIMENTOS

CONCEPTO	IMPORTES
Inmovilizado material e intanxible	
Compra de local	
Acondicionamento de locais	
Instalacións	
Ferramenta	
Maquinaria	
Elementos de transporte	
Mobiliario	
Equipamentos e aplicacións informáticas	
Dereitos de traspaso	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE (A)	
Resto investimentos	
Existencias	
Tesouraría	
Outros (especificuense)	
SUBTOTAL RESTO DE INVESTIMENTOS (B)	
TOTAL (A+B)	

PLAN DE FINANCIAMENTO

RECURSOS FINANZEIROS	IMPORTE
Fondos propios	
Préstamos acollidos a convenio	
Outros préstamos	
Outras formas de financiamento	
TOTAL FINANCIAMENTO	

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS PREVISTAS PARA OS DOUS PRIMEIROS ANOS

INGRESOS	1º ano	2º ano
Vendas		
Prestación de servizos		
Outros ingresos		
TOTAL INGRESOS		
GASTOS		
Gastos de constitución		
Compra de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos		
Arrendamentos		
Servizos de profesionais independentes		
Publicidade		
Seguros do local		
Subministracións (electricidade, auga, etc.)		
Gastos seguridade social do promotor		
Gastos do persoal contratado		
Gastos financeiros		
Dotacións por amortizacións		
Outros (especificuense)		
TOTAL GASTOS		
BENEFICIO BRUTO PREVISTO		
Impostos		
BENEFICIO PREVISTO		

Cambre, a__ de _____ de _____ Asdo.: _____	ADVIRTESELLE DE QUE consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
---	---

Para cumprir co art. 5 da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais obtidos mediante a cumprimentación deste formulario e demais documentos serán incluídos para o seu tratamento nun ficheiro automatizado do que é responsable o Concello de Cambre. Ademais, informámoslle que a finalidade do citado ficheiro é a tramitación dos expedientes destas subvencións. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose ao Concello de Cambre, rúa Adro nº1 15660 Cambre, entidade responsable do ficheiro."

Segundo: Aprobar o gasto correspondente as axudas por importe de *trinta mil euros* (30.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 433 4700 Fomento do emprego Cambre Emprende.

Terceiro: Publicar as bases da convocatoria así como os formularios de solicitude no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 15 de febreiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.5. Aprobación, se procede, da ordenanza reguladora da protección de camiños municipais con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal de Cambre

Acceso á videoacta: Minuto 00:17:30

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente do día 9 de febreiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

«Visto o informe-proposta da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 9 de febreiro de 2018, formúlase ao Pleno como órgano competente, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal coa redacción que se transcribe literalmente:

Ordenanza reguladora da protección dos camiños públicos, con motivo da execución de talas, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal

Exposición de motivos

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e prexuízos que poden sufrir como consecuencia das operacións de talla, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal.

Como sucede en gran parte do territorio galego dentro do noso termo municipal as zonas de uso residencial atópanse diseminadas e mesturadas coas zonas forestais, de xeito que nas distintas parroquias conviven os dous usos.

A actividade de aproveitamento forestal debe polo tanto facerse compatible coa conservación dos camiños e a seguridade viaria, xa que a utilización axeitada dos camiños municipais é un dereito que corresponde a todos os cidadáns.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer as persoas, vivendas e outras edificacións fronte aos incendios forestais; e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

Todo isto esixe unha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do termo municipal, tanto para previr como para reparar, no seu caso, os danos e prexuízos ocasionados por estas actividades nos camiños municipais.

A regulación desta materia está prevista como unha das competencias dos municipios, segundo os artigos 25.2 d) da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases do réxime local e 80.2 d) Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, tratándose dunha regulación de aspectos parciais dela e sen un impacto significativo na actividade económica para os efectos do disposto no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 1º.- Obxecto

O obxecto desta ordenanza é a protección dos camiños municipais en relación cos danos e prexuízos que poden sufrir como consecuencia das operacións de talla, depósito, carga e transporte de madeira no termo municipal, a regulación dos lugares de depósito, almacenamento e carga da madeira, así como a esixencia da responsabilidade polos posibles danos producidos neles.

Artigo 2º.- Intervención administrativa nas talas de masas arbóreas

1.- Cando se pretenda realizar a talla dunha masa arbórea dentro do termo municipal de Cambre será obrigatorio:

a) Se a talla se realiza en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística, a presentación dunha solicitude de licenza por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, consonte ao modelo normalizado.

b) Nos restantes casos, a presentación dunha comunicación de talla por parte da persoa física ou xurídica que actúe en calidade de madeireiro, consonte ao modelo normalizado desta ordenanza, cunha antelación mínima de quince días hábiles, sen prexuízo da obtención doutras autorizacións sectoriais que sexan necesarias para a talla das plantacións forestais.

2.- Na comunicación de talla, deberá constar, segundo o modelo que se incorpora a esta ordenanza:

- Data na que se procederá á talla e data en que rematarán todos os traballos (incluíndo a retirada da madeira da parcela e dos restoballos resultantes).
- Identificación do propietario do monte e do madeireiro, con designación do representante deste no suposto de ser unha persoa xurídica.
- Especie da madeira obxecto de talla, así como toneladas a extraer.
- Identificación nun plano do catastro ou do SIXPAC do monte afectado e referencia catastral deste, así como indicación do lugar de depósito e viarios a utilizar para o transporte da madeira, debendo ter en conta para tal efecto o sinalado no art. 28 da Lei 3/2007, de prevención de incendios de Galicia.
- Identificación da/s empresa/s encargada/s da talla, depósito, carga e transporte da madeira (razón social, N.I.F., vehículos cos que se van a realizar as operacións de depósito, carga e transporte así como a indicación da súa marca, modelo, matrícula e peso máximo autorizado).
- Xustificante do título habilitante da Consellería competente en materia forestal, segundo modelo oficial.
- Xustificante do depósito da garantía de acordo co establecido no artigo 4.4 desta ordenanza.

No suposto de tratarse dunha talla sen aproveitamento madeireiro, o titular do monte deberá comunicar igualmente a talla, indicando o seu motivo (obtenção de leña para autoconsumo, enfermidade da especie, situación de perigo para as persoas e bens, etc...), e achegando o título habilitante da Consellería competente.

3.- Previamente ao inicio dos traballos, o madeireiro deberá presentar no rexistro municipal a solicitude de licenza ou comunicación de talla nos modelos normalizados que constan no anexo desta ordenanza, cunha antelación mínima de quince días hábiles no caso das comunicacións, co obxecto de que os Servizos Técnicos municipais inspeccionen os viarios e accesos aos montes que vaian ser utilizados.

4.- Non se poderán utilizar as vías públicas para o almacenamento da madeira, aínda que se autoricen as operacións para a súa carga, debendo solicitarse de ser o caso, o permiso municipal correspondente para a ocupación de vía pública municipal, quedando suxeita ás taxas correspondentes. No suposto de referirse á vías de titularidade estatal, da Xunta de Galicia ou da Deputación Provincial da Coruña, con carácter previo deberá obter autorización destes organismos. Non obstante, as cunetas quedarán sempre limpas e en bo estado de utilización.

Artigo 3º.- Actividades excluídas

A efectos desta ordenanza, non teñen a consideración de “talas forestais” os seguintes traballos:

- Podas e refaldes en plantacións forestais
- Roza e limpeza de predios
- Clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos
- Talas puntuais de menos de 5 exemplares

Artigo 4º.- Requisitos e obrigas para os madeireiros ou propietarios que realicen a talla e o depósito, carga e transporte da madeira tallada

1.- O madeireiro encargado da talla será o responsable dos danos ocasionados nos lugares de talla, viarios de acceso, instalacións ou demais infraestruturas anexas, tanto como consecuencia da talla como do depósito, carga e transporte da madeira, quedando obrigado ao arranxo e reparación inmediata do deterioración producida neles, incluíndo a limpeza, retirada ou eliminación de residuos procedentes da talla e das operacións de carga e almacenamento. No suposto de non ser identificado o mesmo, será responsable subsidiario o propietario do monte ou parcela.

As cantidades depositadas en concepto de garantía responderán da dita obriga, sen prexuízo de que no suposto de non ser suficientes, se recade a diferenza en concepto de ingreso de dereito público, coa correspondente vía de constrinximento, de ser necesaria.

2.- A superficie do monte debe quedar totalmente limpa, sen ningún tipo de restos das pólas das copas ou calquera outro material que constitúa focos de alta combustibilidade que poidan ser causa de incendio ou afectar ao futuro estado fitosanitario do rodal e das masas lindeiras.

3.- Nos supostos previstos nos dous apartados anteriores, o madeireiro ou o propietario, deberán atender ao requirimento de reparación ou limpeza que efectúe o concello, dentro do prazo que para tal efecto se outorgue.

4.- Establécense tres categorías para os efectos da fixación da correspondente garantía, segundo o peso máximo autorizado do vehículo de maior peso que se vaia a utilizar na realización das operacións de depósito, carga e transporte da madeira tallada:

- Vehículos con peso máximo autorizado inferior a 16 TN: 1800 Euros/ comunicación talla.
- Vehículos con peso máximo autorizado entre 16-24 TN: 3600 Euros/comunicación talla.
- Vehículos con peso máximo autorizado superior a 24 TN: 5000 Euros/comunicación talla.

Non obstante, a contía da dita garantía poderá ser incrementada polo concello cando as circunstancias o aconsellen, logo do informe dos técnicos municipais.

Cando o concello o estime oportuno, logo do informe dos técnicos municipais, poderase esixir a constitución dunha garantía xenérica que permita responder en cada caso dos danos que se poidan ocasionar como consecuencia delas. A contía da garantía nestes casos será proporcional á superficie da zona de afección das actuacións e determinarase polos técnicos municipais.

5.- As correspondentes garantías deberanse depositar na Tesourería Municipal mediante: fianza en metálico, aval solidario e por tempo indefinido, seguro de caución nos termos previstos para o depósito daquelas pola normativa reguladora de contratos do sector público.

A devolución das ditas garantías, deberá ser solicitada polos depositantes, requirindo previamente á resolución, informe dos servizos técnicos municipais, no que se deixe constancia de que non foron ocasionados danos nas vías, servizos e infraestruturas públicas municipais.

6.- Esta administración poderá limitar ou denegar o acceso polos viarios solicitados por mor da capacidade de resistencia do firme da vía ou do seu mal estado, ou pola utilización dos ditos viarios na data solicitada para outros fins, o que se porá en coñecemento do solicitante de forma motivada, coa achega do correspondente informe técnico ou da policía municipal, no prazo máximo de quince días dende a comunicación de talla, debendo realizar posteriormente unha nova comunicación de talla en caso de ser denegado o dito acceso.

7.- En ningún caso poderán iniciarse os traballos de talla, sen contar previamente coa autorización sectorial correspondente, cando as parcelas obxecto da actuación, estean afectadas pola normativa sectorial de augas, patrimonio, estradas ou calquera outra que resulte de aplicación.

8.- As garantías reguladas neste artigo poderán ser igualmente esixidas cando a talla se estea a realizar noutro termo municipal, pero os vehículos teñan que circular por algún camiño de titularidade deste concello. Para tal efecto, unha vez que se teña coñecemento desta circunstancia, realizarase o oportuno requirimento ao madeireiro responsable.

Artigo 5º.- Potestades da administración

Unha vez que o Concello teña coñecemento da produción de danos ou da acumulación de residuos vexetais combustibles e logo do debido requirimento de emenda das deficiencias detectadas, o órgano municipal competente poderá realizar, con cargo á garantía depositada, as operacións de reparación, acondicionamento ou retirada de residuos, logo da audiencia do interesado polo prazo de dez días hábiles, sen prexuízo de recadar as cotas correspondentes en concepto de ingreso público, se os custos da dita operación non fosen totalmente cubertos co importe da garantía depositada.

O anterior, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polo incumprimento do previsto nesta ordenanza.

Artigo 6º.- Réxime sancionador

Constitúen infraccións administrativas, as accións ou omisións que comporten un incumprimento das obrigas, prohibicións ou requisitos que establece esta ordenanza.

O procedemento sancionador, suxeitarase ao previsto nos artigos 54 e ss. da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e 25 e ss. da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público, iniciárase mediante resolución motivada da Alcaldía, ou de ser o caso, do concelleiro/a delegado/a, sendo o prazo máximo de resolución e notificación seis meses, transcorridos os cales, producirase a caducidade do procedemento con arquivo das actuacións, sen prexuízo do inicio dun novo expediente cando a infracción non prescribise.

En calquera caso, con carácter previo á finalización do procedemento sancionador, a proposta do interesado, poderá efectuarse o remate convencional do procedemento, dando lugar á redución da sanción ata un 50%, sempre e cando este recoñeza súa responsabilidade e repare o dano ocasionado e/ou repoña os feitos que deron lugar ao expediente sancionador, no prazo que con tal efecto se fixe polo órgano municipal competente, renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación ao respecto.

A resolución que poña fin ao procedemento sancionador identificará aos responsables dos feitos, coa imposición das sancións individualizadas que procedan, ordenando de ser o caso os traballos de reposición, de reparación ou de limpeza das vías, servizos e infraestruturas que procedan, que poderán executarse con cargo ás garantías depositadas.

Artigo 7º.- Responsabilidade

Son responsables das infraccións administrativas as persoas físicas ou xurídicas que as cometan en calidade de madeireiro ou propietario do monte ou parcela.

En todo caso, será responsable o propietario no suposto de non identificar ao madeireiro, sinalando o seu NIF ou CIF e enderezo, cando sexa requirido polo concello, no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación.

Artigo 8º.- Clasificación das infraccións e sancións

1. As infraccións administrativas desta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

2. As infraccións administrativas sancionaranse con multa nas seguintes contías:

- Infracción leve: ata 300 euros.
- Infracción grave: de 301 a 1000 euros.
- Infracción moi grave: de 1001 a 3000 euros.

3. Para a clasificación das infraccións e a determinación da contía da sanción, teranse en conta as seguintes circunstancias:

- A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- A natureza dos danos causados.
- A reincidencia no prazo dun ano de mais dunha infracción da mesma natureza.
- A transcendencia social da infracción.

Artigo 9º.- Competencia

A competencia para a iniciación e resolución dos expedientes por infracción desta ordenanza, corresponde ao alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, debendo nomearse instrutor/a ou secretario/a, para os efectos de garantir a debida separación entre a fase instrutora e a resolutoria.

Artigo 10º.- Infraccións

1.-Constitúen infraccións moi graves:

- A realización das ditas actividades sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.
- Non proceder á reparación dos danos e/ou limpeza dos restos forestais dentro do prazo sinalado de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte da notificación do requirimento municipal.
- A reincidencia na comisión de tres infraccións graves da mesma natureza, no prazo dun ano.

2.-Constitúen infraccións graves:

- Non achegar a documentación requirida antes de efectuar a talla da madeira.
- Non achegar ou falsear os datos que se esixen segundo o artigo 2º desta ordenanza.
- A non comunicación da talla por parte do madeireiro no prazo sinalado.
- A reincidencia na comisión de tres infraccións leves da mesma natureza, no prazo dun ano.
- A realización dos traballos de talla sendo denegada previamente a utilización da vía pública para a súa realización.
- Incumprimento polo propietario do monte ou parcela da obriga de identificar ao madeireiro.

3.-Constitúen infraccións leves:

Calquera acción ou omisión que infrinxa as disposicións desta ordenanza e non estea tipificada expresamente nela como moi grave ou grave.

4.- A imposición das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, non eximirá aos responsables dos feitos da obriga de reparar os danos ou prexuízos causados.

Artigo 11º.- Prescrición das infraccións

1.- As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2.- As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que foi imposta a sanción.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña*, e transcorrido o prazo previsto no art. 65.2º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I

COMUNICACIÓN DE TALLA

DATA DE INICIO TRABALLOS:	DATA DE REMATE:
---------------------------	-----------------

DATOS DO MADEIREIRO

MADEIREIRO	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
REPRESENTANTE DO MADEIREIRO	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
ENDEREZO	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:

Documentación a xuntar:

- Fotocopia do NIF do solicitante, e de ser o caso, da persoa física ou xurídica á que represente.
- Título habilitante para aproveitamento madeireiro da Consellería competente en materia forestal (Consell. Medio Rural).
- Autorización sectorial correspondente, de ser o caso.
- Xustificante de pago da fianza segundo o artigo 4º.4 .
- Plano indicando os viarios a utilizar e zonas de depósito da madeira.
- Ficha catastral da/s parcelas afectadas.

ANEXO II

DATOS DA PARCELA

REF. CATASTRAL DA PARCELA	LUGAR-PARROQUIA	SUP. PARCELA (M2)
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAIDA:	TONELADAS EXTRAIDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAIDA:	TONELADAS EXTRAIDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAIDA:	TONELADAS EXTRAIDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAIDA:	TONELADAS EXTRAIDAS:
ESPECIE:	M3 MADEIRA EXTRAIDA:	TONELADAS EXTRAIDAS:
SUP.TOTAL TALADA (M2):		Tn TOTALES EXTRAIDAS:

DATOS DO PROPIETARIO DA PARCELA

PROPIETARIO DA PARCELA:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:
ENDEREZO	C.P.:	MUNICIPIO
TALLA SEN APROVEITAMENTO MADEIREIRO: SI /NON		
MOTIVO:		

DATOS DA EMPRESA TRANSPORTISTA

TRANSPORTISTA:	N.I.F. / C.I.F.	TELÉFONO:	
ENDEREZO:	C.P.:	MUNICIPIO:	
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
MAQUINARIA:	MODELO:	MATRÍCULA:	P.M.A:
DATA RECOLLA MADEIRA:	TN A TRANSPORTAR:		
DATA RECOLLA MADEIRA:	TN A TRANSPORTAR:		

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobada a ordenanza, e publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 15 de febreiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.6. Aprobación, se procede, das bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con diversidade funcional e mobilidade reducida para o exercicio do 2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:28:06

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación do día 9 de febreiro de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o informe da coordinadora de servizos sociais con data 5 de febreiro de 2018 sobre a xustificación da necesidade de aprobación, por sétimo ano consecutivo, dunhas bases para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade e que teñan dificultades, para utilizar o transporte público colectivo.

Vistas as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, para o exercicio do 2018.

Ao medio do presente, formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria de bonotaxi para persoas con diversidade funcional gravemente afectadas na súa mobilidade, para o exercicio do 2018, así como a súa convocatoria:

«BASES DA CONVOCATORIA DE BONOTAXI PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E MOBILIDADE REDUCIDA, PARA O EXERCICIO DO 2018

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente convocatoria ten por obxecto establecer o procedemento para a concesión de axudas económicas individuais para proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo, e así poder mellorar o pleno desenvolvemento dunha vida social autónoma.

O Concello de Cambre vén concedendo estas axudas económicas con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, polo que, en aplicación do establecido no artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro respecto de que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos, considera necesario continuar coa concesión de subvencións para a utilización de taxis adaptados para persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, polo que aproban as presentes bases que regulan o sistema de adjudicación dos bonotaxis, así como a súa contía.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente disposición ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo.

Concrétase na concesión dunha axuda económica individual, en forma de bonos, que permita ás persoas beneficiarias a utilización do servizo de taxi para os seus desprazamentos.

Haberá que empregar o taxi adaptado existente en Cambre ou os taxis convencionais do municipio, este últimos sempre que resulte posible o seu emprego en virtude da discapacidade do beneficiario. Só se poderá recorrer aos taxis adaptados doutros municipios no caso de que non haxa dispoñibilidade en Cambre ou o beneficiario non poda empregar un taxi convencional.

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

Para a concesión destas axudas existe crédito no actual orzamento municipal, na aplicación orzamentaria “2018 231 22300 Programa transporte adaptado” por importe de 15.000,00 euros.

A cantidade máxima a percibir a través dos bonos por beneficiario/a será de 600,00 euros ao ano.

Unha vez tramitadas as solicitudes de concesión de axudas de bono taxi, se resultase que a contía global a conceder fora superior ao crédito co que se dota a convocatoria, procederáase ao prorrateo da contía global entre os beneficiarios/as.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar a subvención as persoas con discapacidade e mobilidade reducida que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroadado no municipio de Cambre cunha antigüidade dun ano, anterior á presentación da solicitude e permanecer de alta no padrón de habitantes municipal mentres se perciba a axuda.
- Ser maior de 3 anos.
- Ter recoñecida a condición legal de discapacitado, en grao igual ou superior ao 33% e mobilidade reducida que impida empregar os transportes públicos colectivos e así se acredite no certificado oficial do grao de discapacidade, emitido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), dependente da Xunta de Galicia.
- Non ser propietario/a, calquera membro da unidade de convivencia, de vehículo propio adaptado e no caso de telo poderán solicitar esta axuda para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outro impedimento.
- Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitados para a obtención de subvencións públicas.
- Para os traballadores, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo deste beneficio, ou non ter dereito a este servizo a través de MUFACE, ISFAS ou outra entidade.
- Non poderá dispoñer cada membro da unidade de convivencia dunha renda per cápita anual superior ao 200% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM), vixente no exercicio do 2018. Excepcionalmente poderá incrementarse o límite de ingresos nun 20% adicional, logo do informe técnico do departamento de servizos sociais.

2. Considérase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio, constando con tal carácter nun rexistro público.

3. Considérase que existe unha unidade de convivencia independente, aínda que vivan no mesmo domicilio, no seguinte suposto: A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso de nulidade, separación ou divorcio legal, ou cesamento acreditado de relación análoga á conxugal.

4. Para os efectos desta convocatoria, para a determinación da renda anual terase en conta a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, declaradas ou declarables no imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2016 e correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar, e dividido polo número de membros que a integran.

A súa contía calcularase conforme ao resultado da realización da seguinte operación, coas cantidades que figuren nas casas que se indican, das declaracións do IRPF ou certificado de renda ou prestacións para o exercicio 2016: Casa 392 + Casa 405

Se non constan as referidas casas, a casa 392 Base imponible xeral será o resultado das seguintes operacións: (380) - (388) + (389) - (390) - (391).

A casa 405 Base imponible do aforro será o resultado das seguintes operacións: (384) - (393) - (394) - (395) - (396) - (397) - (398) + (386) - (399) - (400) - (401) - (402) - (403) - (404).

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2016, por non estar obrigado, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As axudas serán solicitadas polas persoas beneficiarias ou por quen ostente a súa representación, nos supostos de menores de idade ou persoas con declaración de incapacidade legal.

2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cambre, situado na planta baixa da Casa Consistorial, rúa Adro, núm. 1 ou no rexistro auxiliar de entrada, situado nos baixos onde actualmente se atopan as oficinas de Cultura, Educación, Deportes e Servizos Sociais, na rúa Río Barcés núm. 8 da Barcala, en horario de 12:00 a 14:00 horas ou na Casa das Palmeiras no Temple, en horario de 09:00 a 11:00 horas, segundo o formulario oficial de solicitude (Anexo I), acompañada da seguinte documentación:

2.1 Fotocopia do libro de familia. Certificación ou copia compulsada de inscrición de matrimonio, parella de feito, unión non matrimonial ou calquera outro tipo de unidade de convivencia debidamente rexistrada.

2.2 Fotocopia do DNI ou no seu defecto do NIE do solicitante ou do representante legal, de ser o caso. E documentación acreditativa da patria potestade ou representación legal do menor (libro de familia ou resolución xudicial).

2.3 Fotocopia do certificado oficial do grao de discapacidade do solicitante, expedido polo Equipo de Valoración e Orientación (EVO), no que conste que ten dificultades para a utilización do transporte público colectivo.

2.4 Documentación acreditativa de ser beneficiario, no seu caso, do servizo galego autonómico de apoio á mobilidade 065.

2.5 Anexo II de declaración responsable da persoa beneficiaria, na que se faga constar:

- Que o solicitante non se atopa incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.
- Non ser titular de vehículo propio adaptado para a conducción, nos termos reflectidos na base terceira da convocatoria.
- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
- Que os documentos referidos nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida nas convocatorias correspondentes ao exercicio do 2015 e seguintes, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello.
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico dos servizos sociais municipais.

2.6 Autorización, asinada por todos os membros da unidade familiar computables, para que o Concello de Cambre poida solicitarlle datos tributarios á axencia tributaria relativos ao seu nivel de renda, segundo Anexo III. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado conlevará a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións que deban emitir a AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia. O solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón os certificados de cumprimento de obrigas.

2.7 No suposto de que o solicitante ou algún dos membros da unidade de convivencia non estean obrigados a presentar a declaración anual do IRPF, a xustificación de ingresos efectuarase mediante:

- Certificados ou cartas de actualización das pensións emitidas polo Instituto da Seguridade Social ou outros organismos competentes, indicando a contía mensual que perciban os membros da unidade de convivencia que sexan pensionistas ao longo do exercicio do 2018, de ser o caso.
- Fotocopia compulsada das 2 últimas nóminas dos membros da unidade de convivencia que estean traballando, de ser o caso.
- Certificado do INEM, no que se reflicte a contía das percepcións económicas que perciban os membros da unidade de convivencia que se atopen en situación de desemprego, de ser o caso.
- Certificado acreditativo de desempeñar actividade formativa (incluído cursos de formación), dos maiores de 18 anos, de ser o caso.

2.8 No caso de que a persoa solicitante ou calquera outro membro da súa unidade familiar perciba rendas exentas de tributación (pensións non contributivas ou outras) ou pensións devengadas no estranxeiro, deberá aportar certificado das mesmas emitido pola entidade pagadora.

Se o solicitante resultou beneficiario da axuda económica na convocatoria de 2015 e/ou posteriores, non será preciso que achegue a documentación que se sinala nos apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, sempre e cando non sufrira variación ningunha dende a data da súa presentación, en virtude do disposto no artigo 23.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 20.3 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por obrar xa en poder do órgano xestor.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes será de **trinta días naturais** a partir do día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín oficial da provincia, a través da Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

O departamento de Servizos Sociais revisará os expedientes das solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

Sen prexuízo do anterior, en calquera momento ao longo do procedemento poderá instarse ao interesado para que cumprimente calquera outro requisito ou trámite que se considere necesario aclarar. O prazo para a súa emisión será de 10 días salvo que, atendendo ás características do documento solicitado ou do propio procedemento, se solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que este último caso poida exceder dun mes.

SEXTA.- TRAMITACIÓN ADMINISTRATIVA

1.- Xunto coa documentación presentada en modelo oficial, en calquera dos rexistros de entrada do Concello de Cambre ou en calquera outro dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, incorporárase de oficio o volante de empadramento.

2.- Unha vez recabada toda a documentación esixida, o equipo técnico municipal de servizos sociais, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non polos solicitantes, dos requisitos esixidos na base terceira da presente convocatoria.

O procedemento de concesión destas subvencións axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que pola finalidade da axuda non se considera adecuado fixar unha orde de prelación entre as solicitudes.

3.- Con base na proposta formulada, as axudas serán concedidas ou denegadas por resolución da Alcaldía ou concellería delegada, no seu caso.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento no poderá exceder de 3 meses contados dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha vez completado o expediente.

5.- Unha vez vencido o prazo máximo sen ter sido notificada a resolución aos interesados, entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude da axuda.

6.- A resolución concedida do procedemento notificarase aos interesados, de xeito individualizado, e porá fin á vía administrativa.

7.- Unha vez recibida a resolución de concesión de axuda, terán que pasar persoalmente a recoller os bonotaxi polas dependencias de servizos sociais municipais do Concello de Cambre, sito en Río Barcés, núm. 8 da Barcala (Cambre).

SÉTIMA.- REGULACIÓN NO USO DO BONOTAXI

Os bonotaxis emitíranse en soporte papel. O seu uso é persoal e intransferible. Expedíranse nas oficinas de servizos sociais do Concello de Cambre, onde se entregarán aos beneficiarios, estando estes obrigados a cumprir as normas establecidas para esta axuda.

Os beneficiarios deberán empregar os bonos para a finalidade con que foron concebidos, polo que deben cumprir de forma correcta coas normas establecidas, así como a do seu uso.

As persoas beneficiarias entregarán os bonotaxis por viaxe, debidamente cubertos, ao taxista como contraprestación do transporte, podendo empregarse todos os bonos que sexan precisos por servizo. Presentarase o DNI ou NIE do beneficiario no momento de facer o pago do servizo a través dos bonotaxis.

Os bonotaxis expediranse por importe de 0,50 euros, 1,00 euro, 5,00 euros, 10,00 e 15,00 euros. O beneficiario achegará a moeda fraccionada correspondente por importe inferior a 0,50 euros.

En ningún caso o taxista poderá devolver en metálico o resto entre o custo do servizo e os bonos aportados, nin poderá tampouco recoller bonos por valor superior ao mesmo.

Os bonotaxis terán validez anual, e só poderán empregarse **ata o 17 de decembro de 2018**.

As persoas beneficiarias que por calquera circunstancia durante o ano en curso non poidan facer uso da totalidade dos bonotaxis concedidos, terán que devolvelos ao departamento de servizos sociais a través do Rexistro de entrada.

Poderán empregarse os bonotaxis para servizos dentro da provincia da Coruña.

Os bonotaxis deberán conter:

- Valor do bono.
- Número de bono.
- DNI ou NIE do beneficiario.
- Nome e apelidos do beneficiario.
- Sinatura do beneficiario.
- Núm. licenza taxi.
- Data de expedición do bono.
- Importe traxecto realizado.
- Traxecto realizado.

Cando a utilización desta prestación non se axuste á normativa establecida nestas bases dará lugar á perda do dereito de desfrutar desta axuda.

Os bonos empregaranse para:

- Xestións administrativas (traslados a bancos, xestorías, concello, Seguridade Social, Facenda, Axencia Tributaria,...).
- Visitas médicas.
- Actividades culturais, deportivas, educativas e de lecer.
- Outras a valorar polo departamento municipal de servizos sociais.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto, e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente.

OITAVA.- OBRIGAS DA PERSOA BENEFICIARIA

As axudas do bonotaxi son persoais e intransferibles, debendo utilizalos para a finalidade para a que foi concedida.

Unha vez finalizado o período de validez dos bonos e antes do 22 de decembro de 2018, a matriz xunto con bonos sobrantes, no seu caso, deberán ser devoltos aos servizos sociais do concello para os efectos de control do uso dado a estes.

A falsidade dos documentos presentados para a concesión da axuda ou as irregularidades do uso dos bonotaxis entregados, dará lugar ao reintegro do importe dos bonotaxis empregados e á devolución dos pendentes de uso, así como á reclamación dos xuros de constrinximento correspondentes a computar dende o momento en que teñan lugar os respectivos pagos, sen prexuízo de quedar excluídos en futuras convocatorias.

NOVENA.- TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión, sendo responsable do tratamento dos datos o departamento de servizos sociais.

Para os efectos da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o solicitante ou representante legal, así como calquera outra persoa ou persoas que acheguen datos persoais á solicitude, autorizan ao Concello de Cambre, a través da Concellería da Área de servizos sociais, a incorporar os datos recollidos a un ficheiro automatizado responsabilidade desta área, que ten por finalidade dar cumprimento ás funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión e prestación de servizos públicos encomendados coa implantación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e o seu desenvolvemento regulamentario, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal complementario a aqueles.

DÉCIMA.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003 (LXS) e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

ANEXO I -

SOLICITUDE DE BONOTAXI

A. DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
			TELÉFONO
DATA DE NACEMENTO	LUGAR	PROVINCIA	
DOMICILIO	COD. POSTAL		MUNICIPIO

B. DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI	
DOMICILIO		MUNICIPIO	PROVINCIA	
COD. POSTAL		TELÉFONO	TITULO DE REPRESENTACIÓN:	

C. DATOS SOBRE A UNIDADE DE CONVIVENCIA. COMPOSICIÓN

PERSONAS INTEGRANTES DA UNIDADE DE CONVIVENCIA	NIF	PARENTESCO SOLICITANTE	COA / CO	DATA DE NACEMENTO
SOLICITANTE				

D. MEDIO DE CONTACTO

TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
---------------	----------------	--------------------

D./D^a _____, como (solicitante ou representante legal) **DECLARA:**

Que todos e cada un dos datos consignados na presente solicitude son certos e comprobables documentalmente, quedando enterado/a que o ocultamento ou falsidade deles dará lugar á esixencia das responsabilidades que diso puideran derivarse, así como da obriga de comunicar ao CONCELLO DE CAMBRE, calquera variación dos datos declarados ou acreditados que puideran producirse no sucesivo.

Que de conformidade co establecido na normativa reguladora das subvencións públicas, **DECLARA** non estar incurso en ningunha causa de prohibición para ser considerado beneficiario de subvencións e atoparse ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

Cambre, a _____ de _____ de 2018. Asdo:

A presentación da solicitude conleva a autorización ao órgano xestor para recabar as certificacións de que o solicitante esté ao corrente das súas obrigas coa AEAT, a Tesourería xeral da Seguridade Social e a Xunta de Galicia, en aplicación do disposto no artigo 20.3 da Lei de subvencións de Galicia.

Non autorizo (neste caso achegarase a documentación correspondente)

NOTA INFORMATIVA: Os datos recollidos na presente solicitude facilitaránse de forma voluntaria; en caso de non facelo non será posible o seu trámite. Estes datos serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade da resolución do expediente, e o tratamento é responsabilidade da dirección do Concello de Cambre, Área de servizos sociais, e respecto deles, poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal.

Existe a posibilidade de cesión dos datos a outras administracións, entidades ou organismos públicos ou privados, para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas destas entidades e do Concello de Cambre.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO CONCELLO DE CAMBRE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA BENEFICIARIA

D./Dna _____, con NIF núm. _____ e domicilio na rúa _____ do municipio de Cambre, actuando no seu nome ou en representación legal de D./Dna _____, con NIF núm. _____ e domicilio na rúa _____, en calidade de titor, gardador de feito ou representante legal.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Atoparme ao corrente do cumprimento das miñas obrigas coa Axencia Tributaria estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Facenda do concello de Cambre, e coa Seguridade Social.

- Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para a obtención de subvencións públicas.

(Marquese cun X a opción que corresponda)

- | | | |
|--|----|-----|
| - Estar obrigado a presentar Declaración anual do IRPF | SI | NON |
| - Ser titular o beneficiario de vehículo adaptado propio para a conducción | SI | NON |
| - Titularidade por algún membro da unidade familiar de vehículo adaptado | SI | NON |

(En caso de resposta afirmativa, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos, nos que, por causas sobrevidas debidamente xustificadas, non poidan utilizalo ou calquera outra circunstancia que o impida.)

- Non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro a través de ISFAS, MUFACE,...
- Que os documentos referidos na Base cuarta, apartados 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, obran en poder do órgano xestor, por telos presentado para a obtención da axuda económica *na convocatoria de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida para o exercicio do 2015 ou seguintes*, e que os mesmos non sufriron variacións dende a data de presentación ante o concello, motivo polo cal me acollo ao meu dereito a non presentalos de novo ao amparo do disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. (Marquese cun X no suposto de acollerse a este suposto)
- Aceptar as actuacións de comprobación que acorde o equipo técnico de servizos sociais do Concello de Cambre.

Cambre, de de 2018.

O/A solicitante ou Representante legal

Asdo.:

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA QUE O CONCELLO DE CAMBRE POIDA SOLICITARLLE DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF), A CUBRIR POR TODOS OS MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA MAIORES DE 18 ANOS.

As persoas abaixo asinantes, autorizamos ao Concello de Cambre para solicitar á AEAT a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre o nivel de renda, para os efectos do outorgamento da axuda económica de bonotaxi para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, cando a persoa que figura no apartado A da presente autorización poida resultar beneficiaria.

A. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE DA AXUDA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN

NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DA PERSOA SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO OU CONTROL DA AXUDA (Só maiores de 18 anos)

PARENTESCO COA PERSOA SOLICITANTE	NOME E APELIDOS	NIF	SINATURA

Cambre, de de 2018.

NOTA: A autorización concedida pola persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao Concello de Cambre.

ANEXO IV

MODELO BONOTAXI

BONOTAXI

Importe: 0,50€, 1,00€, 5,00€,

10,00€, 15,00€

Bonotaxi núm.: _____/2018

Data de expedición: _____

Nome e apelidos: _____

Núm. do DNI ou NIE: _____

Traxecto realizado: _____

Importe total do traxecto: _____



Núm. licencia taxi: _____

O/A beneficiaria ou representante legal

Sinatura

ESTE BONO TERÁ VALIDEZ COMO MODO DE PAGAMENTO ATA O 17 DE DECEMBRO DE 2018.

No momento en que o taxista facture ao concello os servizos prestados, haberá de presentar adxunto á factura os bonos empregados, agrupados por cada traxecto e polo menos no primeiro deles constarán cubertos todos os datos indicados anteriormente. »

Segundo: Autorizar un gasto por importe de *quinze mil euros* (15.000,00 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 2018 231 22300.

Terceiro: Publicar as bases no *Boletín Oficial da Provincia*, así como na páxina web, paneis informativos e demais medios de comunicación co obxecto de darlle a maior difusión e publicidade á axuda.

Cuarto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dé traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Servizos, Xuventude, Cultura, Deportes, Recursos Humanos e Benestar Social de data 15 de febreiro de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.7. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:39:15

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:39:22

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:39:24

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP en relación ao 8 de marzo, Día internacional da muller. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PP en relación co 8 de marzo, Día internacional da muller

Acceso á videoacta: Minuto 00:40:02

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/073, o día 16 de febreiro de 2018, xunto con outras dúas mocións do grupo municipal popular presentadas para este pleno.

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira do PP, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación tradicionalmente foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas, e aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes coma polas mulleres, e debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. Para tal fin, a Xunta de Galicia vén de convocar unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, onde se recolle como un eixo fundamental e irrenunciable, a consideración da igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade, o que significa a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos; isto é: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Estratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Así pois, a liña de axudas da Xunta de Galicia ás entidades locais, ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os programas de fomento da conciliación, sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares; así como os bancos de tempo, coa finalidade de facilitarles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo esta como a participación alícuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e de coidado.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificado no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados. Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribúen a avanzar neste eido, é necesario seguir profundando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Resulta imprescindible e necesario que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man no traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten as súas importantes actividades, que reverten non só nas súas asociadas, senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan e dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Cambre solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Instar ao Concello de Cambre a:

- a) Profundar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e accións de sensibilización e información ao conxunto da cidadanía sobre as vantaxes sociais da conciliación corresponsable.
- b) Poñer en valor e dar visibilización á contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron ao desenvolvemento cultural, económico e social de Cambre.
- c) Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
- d) Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración coa Xunta de Galicia.

Segundo: Así mesmo, instar ao Concello de Cambre a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

- a) Continuar e mellorar as liñas de axuda para as entidades locais en colaboración coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da igualdade de xénero.
- b) Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.
- c) Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A.

García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), o concelleiro de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

Faise constar que dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, non manifestou publicamente o sentido do seu voto, polo que, para os efectos do cómputo da votación, considérase o voto como abstención.

O Pleno municipal, por trece votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP.

Acceso á videoacta: Minuto 01:01:08

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para apoiar e amparar ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como garantes do Estado de Dereito. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal do PP para apoiar e amparar ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como garantes do Estado de Dereito

Acceso á videoacta: Minuto 01:01:32

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/073, o día 16 de febreiro de 2018, xunto con outras dúas mocións do grupo municipal popular presentadas para este pleno.

Don Manuel M^a Mora Pita da Veiga, concelleiro do PP, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“Os membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado desempeñan na nosa sociedade un papel fundamental na defensa dos dereitos e liberdades dos cidadáns.

Actualmente o salario do persoal das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado presenta diferenzas co resto de corpos policiais que operan no noso país, diferenzas que están absolutamente inxustificadas.

A dignificación salarial das FCSE é unha reivindicación histórica. Non é xusto que os axentes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado perciban unha retribución inferior á dos axentes doutros corpos policiais, polo tanto os poderes públicos deben coidar con especial interese o equilibrio nas condicións socio-laborais destes colectivos tan fundamentais no noso Estado de Dereito.

O pasado 16 de xaneiro, o ministro de Interior presidiu sendas reunións con representantes dos dous corpos; primeiro o Consello da Policía Nacional na sede da Dirección Xeral e, posteriormente, o Consello da Garda Civil na sede da Benemérita. Ambas reunións desenvolvéronse nun clima de pleno entendemento e colaboración, e como consecuencia diso acordouse a constitución dunha mesa de negociación para a culminación do proceso de equiparación.

O ministro de Interior presentou un principio de acordo no que ofreceu unha “equiparación completa, total e integral” coas policía autonómicas. A idea sobre a que xira a oferta de acordo é a de “a igual traballo, mesma dedicación e idéntica responsabilidade, correspóndelle o mesmo soldo e os mesmos dereitos socio-laborais”.

A implantación dunhas condicións laborais homoxéneas e duns dereitos sociais similares para todos os membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, así como dos Corpos de Seguridade autonómicos e das Policía locais e dunha retribución equiparable entre todos eles, é fundamental se queremos que a sociedade conte cun servizo de seguridade cidadá máis eficaz.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular somete ao Pleno do Concello de Cambre a presente moción para efectos de que o noso concello **INSTE:**

Primeiro: Ao Goberno de España a continuar avanzando na consecución dun acordo cos representantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, no que, sen desvirtuar os elementos esenciais que definen á Policía Nacional e á Garda Civil, se garanta o equilibrio entre as retribucións e os dereitos de todos e cada un dos axentes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado co resto de corpos policiais con competencias en España.

Segundo: Ao Goberno de España a realizar o estudo necesario e, no seu caso, a aprobación de normas de carácter básico que, sen interferir nas competencias doutras administracións, eviten que estes desequilibrios que agora se trata de corrixir volvan producirse no futuro.

Terceiro: Para o seu coñecemento acórdase finalmente, trasladar esta petición ao presidente do Goberno de España, ao ministro de Interior do Goberno de España, aos voceiros dos grupos parlamentarios do Congreso e do Senado, e á Xunta de Goberno da FEMP.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

Faise constar que os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), non manifestaron publicamente o sentido do seu voto, polo que, para os efectos do cómputo da votación, considéranse os votos como abstención.

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP.

Acceso á videoacta: Minuto 01:27:56

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga

Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable

Acceso á videoacta: Minuto 01:28:10

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/073, o día 16 de febreiro de 2018, xunto con outras dúas mocións do grupo municipal popular presentadas para este pleno.

Don Juan M^a Abalo Castex, concelleiro do PP, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países do noso contorno, en gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora ben ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, o sinala claramente a exposición de motivos desta lei, non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena, *“un tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delicto cometido e poderá revisar a súa situación persoal”*.

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a exposición de motivos, *“afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado”*. Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, *“se o tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fíxase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e se, polo contrario, o tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establece un prazo de liberdade condicional no que se imporán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social.”*

Engade a exposición de motivos que *“a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ao contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión”*.

Igualmente sinala que *“trátase, en realidade, dun modelo estendido no dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, CASO Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Affaire Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)”*.

Pese a todo isto, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento ningún sobre o fondo do asunto, se ben algúns pretenden a derogación desta medida sen agardar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016, o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos grupos parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Poemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Ciudadanos, e só co voto en contra do grupo parlamentario Popular, a proposición non de lei para a derogación desta pena de prisión permanente revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, ten sido admitida a trámite unha proposición de lei de modificación da Lei orgánica 10/1995, do Código Penal (orgánica), que pretende derrogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude os cidadáns que teñen manifestado o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular formula a presente moción solicitando que polo Pleno do Concello de Cambre se acorde que o noso concello **MANIFESTE:**

Primeiro: O seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal.

Segundo: Instar aos diferentes grupos parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente revisable.

Terceiro: Dar traslado destes acordos ao ministro de Xustiza, aos grupos políticos do Congreso, Senado e do Parlamento de Galicia, así como á Xunta de Goberno da Federación Española de Municipios y Provincias.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). Votan en contra os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeita a moción presentada polo grupo municipal do PP.

Acceso á videoacta: Minuto 01:51:45

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON de apoio á folga feminista do 8 de maio de 2018. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción do grupo municipal de ACdC-SON de apoio á folga feminista do 8 de maio de 2018

Acceso á videoacta: Minuto 01:52:07

Foi rexistrada de entrada ao núm. 999/071, o día 16 de febreiro de 2018.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“O vindeiro 8 de marzo, Día internacional da muller, o movemento feminista, co apoio de organizacións e colectivos políticos, sociais e sindicais convoca unha folga xeral das mulleres ao longo e ancho da nosa xeografía.

Unha convocatoria de denuncia fronte ás desigualdades, ás discriminacións e ás violencias estruturais que sufrimos máis da metade da poboación mundial, as mulleres, pero tamén de reivindicación dun novo modelo social, xusto, democrático e igualitario.

Unha folga feminista contra un sistema capitalista e patriarcal que permite que as desigualdades estruturais que padecemos as mulleres estean acadando tales niveis de gravidade e de tal dimensión, que fai ineludible tomar as rúas, as institucións e os centros de traballo para demostrar que sen nosoutras o mundo párase.

Un mundo cuxo funcionamento, datos e prácticas nos engloba e debúxanos nestes escenarios:

- En todo o mundo, as mulleres gañamos só entre o 60 e o 75 por cento do salario dos homes en traballos de igual valor.
- No Estado español, o traballo dedicado polas mulleres aos fogares, ao coidado e á reprodución acada o 53% do PIB, o que significa que o Estado fai recaer nas mulleres gran parte do que debería estar atendido a través dos servizos públicos.
- En Galicia a fenda salarial entre mulleres e homes sitúase nun 22,1 %, onde ademais a maioría das mulleres con emprego sitúanse nos tramos salariais máis baixos. Os últimos datos así nolo presentan, o 36,34% das mulleres asalariadas teñen ingresos anuais ou inferiores do salario mínimo interprofesional. É a chamada pobreza salarial, mulleres pobres con emprego.
- A práctica da interrupción voluntaria do embarazo non está garantida para todas as mulleres. A lexislación existente permite que a clase médica máis reaccionaria poida negarse a realizar o IVE nos centros sanitarios públicos e que o Código Penal siga contemplando o aborto como un delito.
- A misoxinia percorre a cultura e a ciencia en todos os seus ámbitos. Na arte, na literatura, no cine, nas matemáticas, na bioloxía, na enxeñería ou arquitectura, as mulleres apenas existen. Esta invisibilización leva consigo que as mulleres non aparezan na narración da historia e que todas as súas achegas seguen a ser totalmente ignoradas.
- As agresións sexuais e as violacións, nalgúns casos, pasaron de ser actos criminais individuais a formas grupais cada vez máis presentes.
- Os continuos asasinatos de mulleres, que deben traducirse nun rexeitamento frontal a esta inaceptable realidade, que consolide a construción dunha cultura antipatriarcal para erradicar esta violencia sistémica da vida das mulleres.
- A notoria expansión que está adquirindo o debate e a demanda dos ventres/úteros de aluguer, non o esquezamos de mulleres pobres, que son quen se ven obrigadas a esta forma de explotación capitalista e patriarcal.
- Os milleiros de mulleres e nenas traficadas para consumo sexual dos homes e a súa irrefutable conexión coa “industria do sexo” e a prostitución.

Por estas e moitas máis razóns, o Concello de Cambre apoia a folga feminista convocada para o 8 de marzo. Unha folga que irá enmarcada con grandes mobilizacións ao longo de todo o país, onde as mulleres tomarán as rúas para demostrar que non só hai que parar o mundo, senón que tamén hai que transformalo cambiando os seus modelos patriarcais por modelos de igualdade, xustiza, paridade, liberdade, diversidade e democracia.

Por iso é polo que o Concello de Cambre se compromete a:

- Apoiar a folga xeral das mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.
- Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións de mulleres no 8 de marzo.
- Enarborar a bandeira feminista no concello como símbolo de apoio á loita das mulleres."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo)

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Este punto non foi utilizado.

3.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 02:10:18

Faise constar que neste intre auséntase da sesión o señor alcalde, pasando a presidir a sesión don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primeiro tenente de alcalde.

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/076 o día 19 de febreiro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 02:10:44

Lee o rogo don Juan M^a Abalo Castex.

Con data 1 de febreiro pasado, aprobáronse polo concelleiro delegado de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, as bases da convocatoria de concurso para a selección dun técnico en promoción económica interino e a elaboración da listaxe de reserva para futuros nomeamentos de técnicos en promoción económica

interinos. Días máis tarde, isto é, o 8 de febreiro, o mesmo concelleiro delegado aprobou igualmente as bases da convocatoria de concurso para a selección dun arquitecto interino e para a elaboración de listaxe de reserva para futuros nomeamentos dos ditos profesionais.

Dun exame das mencionadas bases advírtese que, o sistema de selección escollido é o do concurso, en cuxo desenvolvemento dáse, ademais, un papel preponderante á entrevista persoal.

A este respecto, debemos lembrar que tanto o Estatuto básico do empregado público, como a Lei galega 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia (aplicable ás entidades locais galegas), en ambos casos por remisión do artigo 92.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñen no seu articulado que a selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos que respecten, en todo caso, os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrencia. Normativa que así mesmo estima que o sistema de oposición ou concurso oposición é o sistema ordinario de acceso á función pública, configurando ao concurso como un sistema de carácter excepcional que debe estar habilitado, ademais, por unha norma con rango de lei.

O exposto evidencia que, nin o sistema de concurso (previsto pola normativa invocada como excepcional e expresamente habilitado por norma legal), como o papel outorgado no dito proceso á entrevista persoal (de valoración absolutamente subxectiva e discrecional), sexan o máis adecuados e conformes aos principios invocados así como á necesaria transparencia que debe presidir todo proceso selectivo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite do concelleiro delegado de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, a aplicación da normativa invocada a todos os procesos selectivos, configurando o concurso como sistema excepcional de selección de persoal tan só aplicable aos supostos legalmente previstos, eliminando, así mesmo, a entrevista persoal dos ditos procesos.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, dá lectura ao informe emitido polo técnico da Área de Urbanismo e Réxime Interior respecto dos procesos de selección de persoal no Concello de Cambre.

Faise constar que, finalizado o debate do rogo, reincorpórase á presidencia o señor alcalde, con Óscar A. García Patiño.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:20:58

Lee o rogo dona Marta M^a Vázquez Golpe.

No pleno ordinario do mes de setembro de 2017, o Grupo Municipal Popular instou ao alcalde de Cambre, e ao resto de membros do seu equipo de goberno, a deixar de utilizar os medios de comunicación social para seguir confundindo aos nosos veciños coas súas continuas faltas á verdade do que realmente está sendo a súa xestión, tratando así de crear unha imaxe que nada ten que ver coa realidade.

Lonxe de emendar o seu propósito, o señor alcalde de Cambre volveu conceder unha entrevista ao diario coruñés 'La Voz de Galicia', publicada o pasado 10 de febreiro na que chega a afirmar que *"ás veces un pode aprender dos erros dos demais"*, reiterando que *"Nos últimos anos perdeuse o concepto da política ao servizo dos cidadáns"*, sendo, ao seu xuízo, o goberno municipal do Partido Popular o que gobernou de costas aos veciños.

Como xa puxemos de manifesto en plenos anteriores, e sempre coa finalidade de contrarrestar os despropósitos do goberno municipal e o descontento xeneralizado que amosan os nosos veciños coa súa xestión, o goberno

de Cambre, co seu alcalde á cabeza, segue tratando de confundir aos nosos veciños co seu despregue mediático e os seus ataques á verdade, como demostra unha vez máis a dita entrevista.

O evidente déficit de transparencia e acceso á información na xestión do goberno municipal; o afastamento do alcalde e os seus concelleiros dos nosos veciños (limitándolles o seu acceso e o horario de atención); os intentos de acalar á oposición coa modificación do Regulamento orgánico municipal; a transferencia de competencias propias do pleno á xunta de goberno local; a reducida e falsa participación cidadá que provocou, entre outras consecuencias, a perda de cinco millóns de euros do Plan Edusi; os ataques á verdade e inexactitudes que o alcalde de Cambre e os membros do seu goberno manifestan nas diferentes reunións cos nosos veciños; son, entre outros, máis que suficientes exemplos para considerar unha nova burla aos veciños de Cambre, as declaracións do seu alcalde aos medios de comunicación.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular nos vexamos novamente obrigados a instar ao alcalde de Cambre e ao resto de membros do seu equipo de goberno, a deixar de utilizar os medios de comunicación social para confundir aos nosos veciños con continuas faltas á verdade.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, rexeita o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:26:40

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

A adquisición da finca Tenreiro polo Concello de Cambre para destinala ao uso dos veciños da parroquia de Cela ten sido a actuación máis demandada por estes nos últimos anos. Moitas foron as sesións plenarias, comisións informativas, xuntas de voceiros e reunións veciñais nas que se tratou e debateu sobre a dita compra. Durante todos estes anos, o noso grupo municipal ten apoiado a adquisición do terreo e tratou de buscar fórmulas e puntos de encontro entre as partes implicadas para que o uso e disfrute do terreo, así como a construción dun novo local social para a parroquia de Cela, pasara da mera declaración de intencións a ser unha realidade. Non obstante, a recente adquisición do dito terreo non exime ao Goberno de Cambre, nin tampouco xustifica, o desafortunado e caótico desenvolvemento das xestións para o efecto, nin tampouco da falta da debida sensatez coa que se desenvolveron as negociacións e procedementos, tanto no aspecto técnico como no económico. Consecuencia desta falta de sxiilo á que xa nos ten acostumados o Goberno cambrés, ten sido a redacción do Plan especial de equipamento en solo rústico na parroquia de Cela en marzo de 2017 na cal se prevía a expropiación de 4000 metros cadrados de terreo e un local social de 600 metros. O dito proxecto de expropiación preséntase a avaliación da Xunta de Galicia trala frustrada negociación e xestión da compra coa entidade propietaria do terreo, sendo o custo deste plan de 13.500 euros.

Non obstante, na reunión mantida por varios concelleiros de goberno e veciños da parroquia en cuestión o pasado venres día 9 de febreiro, o Goberno local afirma que o plan dotacional contempla agora unha superficie de 2000 metros cadrados de terreo máis un local social de 100 metros.

Dada a normal confusión que xeran as diferenzas técnicas e dotacionais existentes entre ambos proxectos e tras afirmarse polo alcalde na citada reunión, ante o asombro dos alí presentes, que un e outro proxecto eran o mesmo, rogamos ao alcalde de Cambre que aclare aos veciños e grupos municipais estes extremos e, no seu caso, cal ten sido o custo adicional do plan actual e se este se suma ou non aos 13500 euros pagados no seu día polo plan inicial presentado á Xunta.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, dá conta dos pasos dados respecto do plan especial dotacional e proxecto de edificación, e comprométese, trala súa aprobación, a dar os pasos necesarios para abordar a obra.

Rogos de ACdeC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/078 o día 19 de febreiro de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:41:35

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

O problema para dotar a parroquia de Cela de terreos para infraestruturas de ocio e lecer foi e segue sendo un tema recorrente nesta e en anteriores lexislaturas. Recentemente os medios de comunicación informaban da adquisición dos mencionados terreos.

Pregamos nos informen do proceso de compra e do proxecto encargado polo concello.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, dá conta do proceso de contratación levado a cabo para a adquisición de terreos.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:50:41

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

Nas dúas anteriores lexislaturas téñense presentado en distintos plenos iniciativas para instar a que se promovesen as medidas necesarias para o fin de que o noso concello sexa compensado polo Goberno do Estado pola bonificación fiscal do 95% do IBI, que se recoñece á empresa concesionaria da autoestrada AP-9 que discorre polo noso termo municipal.

Por facer un pouco de historia queremos lembrar que as arcas do concello deixaron de ingresar no ano 2007 a cantidade de 168.848 euros correspondente ao imposto de bens inmobles, e nos períodos de 2005 e 2008 deixouse de percibir 805.649,36 euros en concepto de IBI, como consecuencia da bonificación do 95% aplicado a prol de Audasa. Por outra banda, esta empresa obtivo nos últimos cinco anos un beneficio neto de 186 millóns de euros.

Tendo en conta o anterior, o noso grupo prega nos informen da situación actual en relación coa reclamación do IBI a Audasa, e se teñen presentado ou pensan presentar denuncia ante a Unión Europea para que esixa ao Estado español adapte a normativa comunitaria, como ten feito algún concello do contorno afectado por este problema.

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, informa dos pasos levados a cabo.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:54:05

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Recentemente vimos de coñecer unha denuncia da Asociación Animalista Libera, pola que tivo que denunciar ante a Xunta de Galicia a existencia dun can encadeado no noso concello. A propia asociación criticou a actuación do Goberno local de Cambre, pola súa ausencia de resposta ante esta situación actualmente penada pola nova Lei de benestar animal.

Pregamos se informe polo Goberno municipal sobre o relato dos feitos, as actuacións levadas a cabo e o protocolo de actuación previsto para detectar e erradicar este tipo de casos e situacións.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, informa das actuacións realizadas pola policía local.

Rogos de C's presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/077 o día 19 de febreiro de 2018, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 02:58:19

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

No noso afán de revitalizar o centro da vila de Cambre, así como o comercio local dun modo indirecto e tamén as relacións sociais, Ciudadanos Cambre propón a creación dun “*mercadillo* de obxectos usados entre particulares”. Parte deste obxectivo é desenvolver a economía local así como a promoción turística de Cambre, polo cal se presenta a oportunidade de establecer ao municipio de Cambre como centro de referencia.

Sendo o mercado entre particulares un sector en auxe, ademais de catalizador de sinerxias entre diferentes sectores e afeccionados de distintos ámbitos temáticos, considérase de especial interese promoverse a nivel local. O dito *mercadillo* celebraríase nun espazo, a poder ser cuberto e de fácil acceso aos cidadáns, semestral ou anualmente, non coincidindo coas dúas feiras tradicionais de Cambre.

Estes mercados son un bo exemplo da utilización das 3 R, reducir, reutilizar e reciclar. Tería un importante carácter educacional, ecolóxico, ambiental e comunitario. Os obxectos, por exemplo, serían: numismática, filatelia, mobles, dispositivos, roupa, apeiros de labranza, etc. unha estupenda segunda oportunidade para a súa reutilización.

O obxectivo é facilitar a venda entre particulares e fomentar o uso racional do consumo, NON para profesionais. A súa creación e promoción debe ser controlada e xestionada dende o concello, sendo de acceso libre pero regulado e sen custo para os expositores (polo menos ata a súa consolidación). Nun futuro, despois dun ano en funcionamento, por exemplo, o usuario pagaría algunha taxa polo espazo ocupado.

Considerando que Cambre conta cos medios e recursos necesarios para crear un mercado que sirva para facer do concello o referente a nivel metropolitano nestas materias, congregando a compradores e vendedores á par que se fomenta a economía colaborativa e participativa.

Por todo isto C's roga:

Que se avalíe a posible creación dun mercado permanente, ben semestral ou anual, de obxectos usados entre particulares, situando o dito mercado nun lugar que permita o disfrute do bo tempo ao aire libre, así como unha zona cuberta para datas de climatoloxía adversa, e prestando a axuda, tamén, de dar difusión en medios e redes sociais a nivel metropolitano da súa creación, para a captación de oferentes de diferentes obxectos, e para dar un valor diferencial ao mercado.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 03:02:20

Lee o rogo dona M^a José García Hidalgo.

Entre os seis acordos aos que o Goberno de Cambre se comprometeu con Ciudadanos para o apoio aos orzamentos de 2018, atópase a iniciativa dos “baños públicos amables”, iniciativa esta pioneira en noso contorno e que prestaría un gran servizo aos novos veciños, ao apoio e visibilidade da nosa hostalería, ademais doutros establecementos comerciais.

Rogamos se nos informe do calendario previsto por este Goberno para a posta en marcha desta iniciativa.

Dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, acepta o rogo.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 03:03:38

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/076 o día 19 de febreiro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:04:41

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Nos últimos días, os veciños de Cambre volvemos recibir nos nosos domicilios outro dos folletos que están sendo remitidos dende as concellerías do BNG en Cambre, dende a súa entrada no goberno municipal, esta vez referido aos actos programados para celebrar o Entroido de Cambre.

O novo número vén a sumarse aos cinco panfletos anteriormente remitidos dende a dita entrada no goberno municipal, en apenas un ano, isto é, o do evento denominado “Noutrora”, celebrado en Semana Santa, e os enviados con ocasión da programación primaveral, estival, outonal, e de Nadal das dúas concellerías nacionalistas.

Dende o Grupo Municipal Popular veuse preguntando sistematicamente ao equipo de goberno a canto ascendía cada unha das tiraxes desta propaganda institucional enviada a todos os veciños do noso municipio, o que nos ten sido contestado con carácter aproximado. De aí que, á vista do tempo transcorrido dende o inicio de tan singular costume como é a de encher as caixas do correo de todos os veciños de Cambre de propaganda de só dúas concellerías das 11 que pagamos todos os cambreses, dende o Grupo Municipal Popular preguntamos ao señor alcalde de Cambre, á sazón virtual concelleiro de Economía, cal foi o custo total que tivo para as arcas municipais a publicación e envío das seis tiraxes de cada un dos panfletos editados por tan só dúas das súas concellerías.

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:07:03

Lee a pregunta dona M^a Jesús González Roel.

No pleno ordinario do pasado mes de decembro, o Grupo Municipal Popular preguntou ao equipo de goberno sobre as medidas que se prevían adoptar para retirar, entre outros elementos, o verdello que invadía as beirarrúas, fundamentalmente as existentes na parroquia de Bribes, que foron as comunicadas polos veciños daquela parroquia, todo iso coa finalidade de evitar caídas e facilitar o tránsito aos nosos veciños.

A resposta da concelleira de Servizos foi que a máquina utilizada para retirar o verdello require auga para o seu funcionamento, auga cuxo uso está restrinxido trala situación de alerta por seca declarada pola Xunta de Galicia.

Trala dita resposta, o Grupo Municipal Popular, á vista das queixas remitidas polos nosos veciños volveu requirir a adopción de medidas que eliminaran ou polo menos aliviaran, a situación existente non só nas beirarrúas do noso municipio, senón tamén nas calzadas de tránsito rodado, cuxa capa de verdello converteuse nun auténtico perigo, non só para o tránsito dos peóns, senón tamén para os vehículos de tracción mecánica. Para isto acompañáronse fotografías de distintos lugares do noso municipio que así o testemuñan, no centro de Cambre, a estrada no Paseo Marítimo do Graxal e na estrada Cambre-O Temple.

Ante as choivas dos últimos días, que propiciaron o levantamento da situación de alerta por seca na conca Galicia-Costa á que pertencemos, cun encoro de Cecebre con máis dun 63% de reserva, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno que medidas se adoptaron e cales se van adoptar de forma inmediata para erradicar o verdello e elementos similares das nosas rúas e vías que, a día de hoxe, seguen dificultando o paso dos nosos veciños e transeúntes.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:09:25

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Hai xa máis dun mes que un dos farois existentes no Paseo Marítimo do Temple, concretamente á altura da intersección coa rúa Vicente Risco, foi retirado polo risco que supoñía a súa inclinación, para a seguridade das persoas e vehículos.

En substitución del colocouse como medida provisional unha chapa de metal e un valo de sinalización, que son escasamente visibles ao escurecer e poden provocar algún contratempo, caso de continuar. Sobre todo porque houbo días que dende o lugar indicado ata o límite con Oleiros, os farois existentes nese treito de paseo marítimo atopábanse apagados, o que foi relacionado por algúns veciños coa eliminación do dito farol. Acompáñanse fotografías do estado no que se atopa o dito lugar no momento da presentación deste rogo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira de obras cando se van resolver os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

Preguntas de ACdeC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/078 o día 19 de febreiro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:12:05

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Ante a continua lacra dos desafuzamentos, dos que veciños do noso concello non están exentos:

Pensa o Goberno estudar medidas a nivel municipal, creando unha comisión especial mixta na que participen representantes do pleno municipal e das asociacións de afectados, veciños e outras organizacións sociais coñecedoras da problemática?

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, concelleiro delegado da Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:12:55

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Un dos pasos de peóns que supón un elevado perigo de accidentes é o situado preto da entrada da urbanización da Barcala.

Xa temos manifestado noutras ocasións este problema que a día de hoxe segue sen ter unha solución axeitada. Entende o noso grupo que unha das características básicas que deben ter todos os pasos de peóns, é unha correcta visibilidade na súa localización, podendo dotalo de luminarias verticais ou outros elementos accesorios como balizas de sinalización, etc. Tamén cabe a posibilidade de facer un estudo para analizar cambiar o seu emprazamento para aumentar e garantir unha maior seguridade.

Por este motivo preguntamos se teñen pensado actuar neste punto problemático.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:14:34

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

No camiño que transcorre dende Armental a Fabas a maleza e árbores descansan enriba dos cables do tendido de telefonía con risco de roturas e os conseguíntes problemas derivados da situación. Este problema existe en varios puntos do concello, un deles é o denunciado ante o noso grupo no lugar de Cepal en Anceis.

Poden informarnos se realizaron algunha xestión ao respecto sobre o problema en xeral, e sobre os problemas sinalados na pregunta?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

Pregunta de C's presentada por escrito

Rexistrada de entrada ao núm. 999/077 o día 19 de febreiro de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Única pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 03:15:45

Lee a pregunta dona Mª José García Hidalgo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

No pleno do pasado mes de outubro de 2017, esta Corporación aprobou unha moción de Ciudadanos Cambre para estudar a creación dun Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Dado que nos atopamos a finais de febreiro e toda precaución debe ser tomada co debido tempo necesario de antelación, C's pregunta:

En que fase de poder levar a cabo o dito acordo plenario se atopa o estudo deste plan de prevención?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

Antes de finalizar a sesión, o señor alcalde manifesta que quere facer unha declaración pública respecto da noticia publicada na prensa relativa a unha mensaxe ameazante contra a súa persoa. Fai público que a persoa responsable lle fixo chegar un correo electrónico cunha desculpa e solicitando unha cita, e el acepta publicamente as desculpas recibidas.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

M^a Luisa de la Red Ampudia